

TEMA 1: Introducción as redes sociais




A día de hoxe acéptase a definición de que unha rede social é un conxunto de elementos (persoas ou organizacións, como empresas, ONGs, colectivos, etc) que están relacionados en base a algún criterio como por exemplo parentesco, relación profesional etc.

Como vedes este concepto de rede social é previo ao que seguramente achégase as nosas cabezas cando falamos delas, xa que posiblemente todos pensemos en redes sociais como Facebook, Twitter, Pinterest, etc.

Como sucede en moitos eidos os avances tecnolóxicos e informáticos baséanse nas necesidades e realidades xa existentes para crearse e evolucionar de tal xeito que estas redes sociais actuais son unha proxección no futuro, agora a actualidade, do que xa era unha rede social.

De feito, un dos creadores do termo “rede social” foi o antropólogo Alfred Radcliffe-Brown, finado no ano 1955.


Sen entrar moi fondamente no estudo destas redes sociais diremos que se realiza mediante a moi complexa “teoría de grafos” que estuda a súa vez as relacións e conexións entre elementos.



ENSINO

Grafos básicos






Teoría de grafos aplicada as redes sociais

Outra teoría interesante e bastante coñecida a nivel global pola curiosidade dos seus postulados é a “Teoría dos 6 graos de separación” que aínda que se fixo coñecida nos últimos anos grazas precisamente as redes sociais 2.0 foi proposta nos anos 30 por Frigyes Karinthy e tentouse a súa demostración nos 50 por Sola Pool e Manfred Kochen.

Esta teoría non conta cun consenso total sobre a súa veracidade pero é certo que ca proliferación do que entendemos actualmente por redes sociais tecnolóxicas e moito máis doado comunicarse con persoas en principio totalmente alleas.



Representación gráfica da “teoría dos seis graos de separación”

Una vez introducido o tema das redes sociais desde un punto de vista sociolóxico e antropolóxico achegámonos a actualidade onde predomina sobre todas as cousas o uso de Internet. Entendemos Internet (segundo a definición da RAG, Real Academia Galega) como unha “rede informática mundial constituída por un conxunto de redes conectadas polo protocolo de comunicación TCP/IP.” É dicir, unha rede que conecta ordenadores de todo o mundo directamente entre eles e que non está centralizada en ningún sitio en concreto.

Nun primeiro momento podemos falar de que existiu unha rede chamada Web 1.0 na que a meirande parte dos usuarios actuaba simplemente como lector dos contidos que outros poucos (comparando co número total de lectores) elaboraban.



É co nacemento do que actualmente coñecemos como Web 2.0 cando se revoluciona totalmente o concepto de rede xa que supuxo pasar de só uns poucos elaborando contidos a que todos os usuarios do mundo tiveran a oportunidade de crear e compartir contidos dun xeito cada vez máis doado ata acadar límites tan impensables fai uns poucos anos como que desde o noso teléfono móbil, con só un par de pulsacións podemos facer todo tipo de contidos e que estean a disposición de todo o mundo (literalmente) en tempo real. Desde escribir un simple chío de Twitter con 140 caracteres de texto ata transmitir vídeo e son en tempo real mediante Facebook. Semella increíble pero temos nas nosas mans tecnoloxía e capacidade para facer o que simplemente fai uns poucos anos (moi poucos en realidade) precisábase dunha unidade móbil dun alto custo e de varios traballadores moi cualificados.

Actualmente xa se comeza a traballar co concepto Web 3.0 pero non é tan doado de comprender como os anteriores. Fai referencia a que os usuarios e equipos comunícanse grazas a “unha linguaxe natural” interpretada polo software que fai que os datos aloxadas nas máquinas sexan comprendidos e interpretados por elas mesmas. Como observades ten moito que ver co concepto “intelixencia artificial”.



Retomando o tema que nos abrangue, as redes sociais, podemos dicir que son (segundo a definición de Danah Boyd e Nicole Ellison) unha serie de servizos con sede en Internet que permiten:


1. Construír un perfil público ou semi-público nun sistema delimitado
2. Crear unha listaxe de outros usuarios cos que compartes relacións
3. Ver e percorrer esa listaxe de relacións que as persoas na nosa listaxe teñen con outras persoas dentro do mesmo sistema.

Outras definicións baséanse nas posibilidades destas de operar en tres eidos de forma cruzada, coñecidos como “as 3 Cs”:

1. **Comunicación**, poñendo en común coñecementos
2. **Comunidade**, integrando unha delas
3. **Cooperación**, permitindo facer cousas e acadar resultados conxuntamente con outros membros da comunidade ou rede


Como xa vos decatariades estas definicións fan moito máis difusa a liña entre o que é o que non é unha rede social. Se fai algúns anos estaba claro que Facebook era unha rede social e non o era, por exemplo, Youtube, neste momento e con estas definicións podemos falar de que Youtube si que é, xa que foi cambiando a súa estrutura para achegarse ao que é unha rede social. Actualmente en Youtube creamos perfís, canles de contidos, subscribímonos a outras canles, comentamos vídeos,

enviamos mensaxes, etc.




Podemos considerar que existen as redes sociais de Internet, dentro do que actualmente entendemos por unha rede social, desde aproximadamente o ano 1999-2000. Poñeremos como referencia aproximada a creación do espazo de blogues “Blogger” onde podías crear unha páxina, escribir periodicamente nela e o resto de usuarios podían visitala.

No ano 2002 xurdiu “Friendster”, e xa no ano 2004 aparece Facebook.



Cronoloxía das redes sociais ata 2015

Segundo o estudo “The State of Social Media 2017” estas son as redes sociais máis empregadas no momento



Se queredes consultar a infografía completa podedes facelo nesta ligazón:

<http://www.juancmejia.com/wp-content/uploads/2017/05/Estad%C3%ADsticas-Redes-Sociales-2017.png>

Para rematar esta breve introdución temos que falar dos dous clasificación de redes sociais que atopamos na actualidade. Divídense en dous grandes grupos.

Dunha banda temos o que denominamos “redes sociais horizontais”, estas son as que non teñen unha temática definida, están dirixidas ao público en xeral e céntranse no usuario. O exemplo máis claro destas redes, e practicamente a única (xunto a Instagram) con gran implantación en Galicia sería Facebook. Instagram podemos dicir que inicialmente sería unha das redes verticais das que falaremos de seguido pero actualmente podemos englobala nas horizontais.

Da outra banda están o que denominamos “redes sociais verticais” e tende moito a especialización, por iso podemos dividilas en:

- temática (profesionais, como LinkedIn, identidade cultural, afeccións, movementos sociais, viaxes, etc)

- actividade (“microblogging” como Twitter, xogos, xeolocalización, etc)
- contido compartido (fotografía, como Flickr, vídeo, Youtube, música, lectura, etc)

